

# Guía rápida

# Admisión FP 2024-2025

# Oferta ordinaria



## PRAZOS PARA CALQUERA SOLICITUDE



**24 xuño desde as 9 h**



**ata o 4 xullo ás 13 h**





 Unicamente será tida en conta a última solicitude realizada para cada oferta

# Oferta ordinaria

# Requisitos de acceso

## Grao medio

Pódese acceder por:

- Titulación.
  - Título de ESO.
  - Título de FP Básica.
  - Titulacións equivalentes ou superiores.
- Proba de acceso a grao medio.


## Grao superior


Pódese acceder por:

- Titulación.
  - Título de técnico.<sup>(1)</sup>
  - Título de bacharelato.
  - Titulacións equivalentes ou superiores.
- Proba de acceso a grao superior.




<sup>(1)</sup> Título de técnico de FP ou de Artes Plásticas e Deseño

# Solicitude para 1º curso

- »» As solicitudes de alumnado tanto novo como repetidor realizarase **utilizando o asistente informático**. →  [Ciclosadmisión](#)
- »» A **aplicación avisará** se fose necesario achegar documentación. → Pódese engadir en soporte electrónico.
- »» Se se detectan erros na instancia validada poderase xerar e validar outra solicitude. → Pero só durante o prazo de presentación de solicitudes.
- »» A aplicación informará se é necesario presentar **resguardo da solicitude e documentación** nun centro. → Sucede cando os datos non se achegan, son insuficientes ou non se dá permiso para que a Administración os consulte.



## Documentación mínima para presentar electronicamente

- »» A documentación presentárase **electronicamente** mediante a aplicación e poderá ser dirixida a **calquera** centro con ensinanzas de FP sostidas con fondos públicos.
- »» O asistente informático **indicará** a **documentación** para presentar cando a Administración non dispoña dela ou non sexa posible a súa consulta nos sistemas informáticos.
- »» Nestes casos deberase presentar:
  - »» Quen solicite acceso por requisitos académicos:  certificación académica dos estudos requiridos para o acceso.
  - »» Quen solicite praza reservada a deportistas de alto nivel ou alto rendemento:  certificación da resolución de deportista de alto nivel ou alto rendemento.
  - »» Quen opte ás prazas reservadas a discapacidade:  certificado acreditativo de discapacidade

## No caso de repetir 1º curso

### Mesmo centro




No caso de repetir por primeira vez no mesmo centro e ciclo no ano seguinte, débese presentar solicitude de admisión a través da aplicación indicando a condición de “repetidor”

### Diferente centro

O alumnado que desexe solicitar praza nun centro **diferente** deberá someterse a un **novο** proceso de admisión centralizado; presentará a solicitude do mesmo xeito que para a oferta ordinaria anteriormente explicado e **sen marcar** a condición de “repetidor”



## Resolución provisional e reclamacións

-  O día **10 de xullo** poderase consultar de xeito individualizado a información da **resolución provisional de solicitudes**.
-  No caso de solicitudes excluídas aparecerá consignada a causa de exclusión.
-  O prazo de **reclamacións** será desde o día **10 ás 9:00 horas** ao **12 de xullo ás 13:00 horas**.

## Resolución definitiva de solicitudes e adxudicación

O día **17 de xullo** poderá consultarse de forma individualizada:

- »» A resolución definitiva de solicitudes.
- »» A primeira adxudicación de prazas en cada ciclo formativo de grao medio e superior.



# PRAZOS MATRÍCULA / RENUNCIA








**17 de xullo desde as 9 h**









**ata o 22 de xullo ás 13 h**









## Primeira adxudicación ordinaria e matrícula

-  As persoas con praza adxudicada pódense **matricular** desde o día **17 de xullo** ás **9:00 horas** ao día **22** ás **13:00 horas**.
-  A matrícula realizarase a través da aplicación [Ciclosadmisión](#).  
Tamén se pode matricular no centro no que se teña a praza adxudicada.
-  De non facelo, perderán o dereito de matrícula nas prazas adxudicadas.
-  Para acceder débense cubrir os **datos de identificación** e do **código da solicitude** de admisión.
-  Na **primeira semana** de clase solicitaráselle a **xustificación do pagamento do seguro** escolar e poderase solicitar a documentación relativa ao requisito de acceso ou calquera outra que o centro considere.

## Segunda adxudicación ordinaria e matrícula

-  O día 24 de xullo poderase consultar a segunda relación ordinaria de prazas Adxudicadas.
-  As persoas con praza adxudicada pódense **matricular** desde o día **24 ás 9:00 horas ata o día 31 de xullo ás 13:00 horas**.
-  De non facelo, perderán o dereito de matrícula nas prazas adxudicadas.
-  A matrícula realizarase a través da aplicación [Ciclosadmisión](#).  
Tamén se pode matricular no centro no que se teña a praza adxudicada.
-  Para acceder débense cubrir os **datos de identificación** e do **código da solicitude** de admisión.
-  Na **primeira semana** de clase solicitaráselle a **xustificación do pagamento do seguro** escolar e poderase solicitar a documentación relativa ao requisito de acceso ou calquera outra que o centro considere.





## Terceira adxudicación ordinaria e matrícula

-  O día **2 de setembro** estará dispoñible a terceira resolución ordinaria de prazas adxudicadas en cada ciclo formativo.
-  As persoas con praza adxudicada pódense **matricular** desde o **día 2 ás 9:00 horas ata o día 5 de setembro ás 13:00 horas**.
-  De non facelo, perderán o dereito de matrícula nas prazas adxudicadas.
-  A matrícula realizarase a través da aplicación [Ciclosadmisión](#). Tamén se pode matricular no centro no que se teña a praza adxudicada.
-  Para o acceder débense cubrir os **datos de identificación** e do **código da solicitude** de admisión.
-  Na **primeira semana** de clase solicitaráselle a **xustificación do pagamento do seguro** escolar e poderase solicitar a documentación relativa ao requisito de acceso ou calquera outra que o centro considere.


## Renuncia á praza adxudicada

- »» As persoas solicitantes **poden renunciar** a unha praza adxudicada e **permanecer no proceso de admisión** á espera de que se lles adxudique algunha das opcións de maior prioridade.
- »» As renuncias serán a esa praza e as que se sitúen por baixo dela, non para as superiores.
- »» A renuncia deberase realizar a través da aplicación que se atopa no enderezo web [Ciclosadmisión](#).  
Tamén é posible realizala no centro onde se teña a praza adxudicada.
- »» Renunciar á adxudicación é **condición indispensable** para **permanecer na listaxe de espera** dos ciclos de maior prioridade.
- »» As persoas solicitantes con praza adxudicada que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado perderán o dereito á praza e só poderán matricularse no caso de existiren prazas vacantes ou liberadas.

## Adjudicación continuada

-  No caso dos ciclos con listaxe de espera, abrirase o proceso de adjudicación de **prazas vacantes**.
-  O prazo abrirá entre o **11 de setembro ás 9:00 horas e o 27 de setembro ás 13:00 horas**.
-  Os centros con prazas nesta situación, efectuarán **chamamentos telefónicos** ás persoas que corresponda segundo a **listaxe de espera** para cubrir as prazas vacantes.
-  As chamadas efectuaranse aos **números de teléfono** consignados na solicitude de admisión e haberá unicamente **tres intentos**, separados por **media hora**.

Unha vez localizada a persoa ten dúas opcións:

 **Renunciar**

É exclusivamente a esa praza.





 **Aceptar**

Ten 24 horas para entregar toda a documentación para a matrícula e para iniciar o curso.

Non presentarse no prazo implica a perda da praza.




## Liberación de prazas

-  Pódense liberar prazas en cada proceso de adxudicación **ata o 20 de setembro ás 13:00 horas.**
-  Poderase consultar as prazas liberadas dos ciclos formativos para alumnado que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso.
-  Esta consulta poderase facer na ligazón [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp)
-  É necesario acudir persoalmente ao centros, xa que a matrícula se fará por **estrita orde de chegada** de solicitantes.

## Matrícula en prazas liberadas


- »» A matrícula (**anexo I**) será **entregada personalmente** ou por unha persoa autorizada no **centro** que teña a praza liberada.
- »» Xunto coa matrícula tamén se entregará documentación acreditativa de acceso (a titulación ou proba de acceso).
- »» O anexo I será proporcionado polo centro e tamén se pode atopar na páxina [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA		ANEXO I	
PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO	
ADMISIÓN A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E DE GRAO SUPERIOR NO RÉXIME ORDINARIO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS	<b>ED519A</b>	SOLICITUDE	
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	HEMBRE/MUJER

# Solicitude para segundo curso

Alumnado que se promove de primeiro a segundo curso

- »» A solicitude (anexo I - procedemento ED519A) atoparémola:
  - Na páxina [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)
  - Na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>
- »» A solicitude presentarse de xeito presencial no centro.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	ANEXO I	
PROCEDEMENTO <b>ADMISIÓN A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E DE GRAO SUPERIOR NO RÉXIME ORDINARIO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED519A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE		
NO ME	GRUPO DE	GRUPO DE

## Matrícula para segundo curso

Alumnado que pasa de primeiro a segundo curso ou repite segundo por primeira vez no mesmo centro e ciclo:

- »» É suficiente coa solicitude previamente feita; non será preciso cubrir o impreso de matrícula.
- »» O período desta solicitude será entre o 24 de xuño ás 9:00 horas e o 4 de xullo ás 13:00 horas.

O alumnado que se promova a segundo curso e o repetidor de segundo que solicite praza nun centro **diferente** deberá presentar xunto ao anexo II da solicitude:

- »» Certificación académica do centro de orixe. Nel constará:
  - Que se cumpran os criterios de promoción a segundo curso.
  - As cualificacións dos módulos de primeiro curso.

## Matrícula simultánea

- »» En determinadas circunstancias, e logo da autorización da Inspección Educativa, poderase solicitar matrícula simultánea.
- »» O prazo para a súa presentación será desde o **10 de setembro ás 9 h ata o 13 de setembro ás 13h.**
- »» O Servizo Territorial de **Inspección** Educativa **resolverá** a autorización no prazo que abrangue desde o **10 ata o 16 de setembro ás 14 h.**
- »» O alumnado poderá formalizar a **matrícula** desde o **17 ás 9 h ata o 20 de setembro ás 13 h**, sempre que **existan prazas** dispoñibles e non haxa listaxe de espera.
- »» No caso do alumnado que teña pendente **unicamente** o módulo de Formación en centros de traballo e/ou o módulo de Proxecto, poderá solicitar a matrícula simultánea, **a partir do 10 de setembro** ou en calquera momento do curso

# Acceso de persoas con titulación estranxeira

! É preciso que os datos persoais e académicos que aparecen na credencial de homologación ou na declaración responsable para inscrición condicionada coincidan cos da solicitude de admisión.

📎 No espazo habilitado na aplicación para cargar a documentación de estudos estranxeiros deberase achegar:

Se dispón de homologación do título estranxeiro:

- Documento oficial de identidade (DOI)<sup>(1)</sup>.
- Homologación do título.

<sup>(1)</sup> Cando a identidade coa que se obtivo a homologación sexa diferente ao DOI, será necesario achegar certificado do Rexistro Civil ou da Policía onde se acredite que se trata da mesma persoa.

Se non dispón da homologación:

- Documento oficial de identidade.
- Solicitude de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanza non universitarias co selo de rexistro de entrada.
- Declaración responsable para inscrición condicionada en centro docente e/ou exame oficial co selo de rexistro de entrada.
- Resgardo de pagamento da taxa de solicitude de homologación (excepto para o título de ESO).

 **Lembra!**

**No momento en que te matricules  
para o curso 2024/25 en:**

ESO

Bacharelato

FP (\*)

(\*)aínda que sexa só FCT

**No momento en que teñas praza  
adxudicada ou te matricules en:**

FP Dual Intensiva

Cursos de especialización

Finalizará a participación no  
proceso de admisión e xa non será  
adxudicada praza no resto de  
opcións solicitadas (\*)

(\*) agás o disposto para matrícula simultánea








 **Lembra!**

Ter praza adxudicada non significa estar matriculado.

**Matricúlate!**



# Oferta ordinaria

- ! Cada solicitante presentará **unha única instancia** para cada curso e grao.  Nela constarán por **orde de preferencia** os ciclos que se desexe cursar e os centros onde ser impartan.
-  O asistente avisará cando cómpre que a solicitude sexa entregada no centro e, por tanto, asinada.  Salvo caso de ser **menor** de idade, que será asinada por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representantes legais.
-  De non ser o caso de precisar ser entregada no centro, a solicitude xa será validada pola aplicación.  Agás situación de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída con carácter exclusivo a un deles.
-  No caso de separación ou divorcio, será necesaria a sinatura de ambas as persoas proxenitoras.  Nestes casos débese presentar xunto coa solicitude a resolución xudicial correspondente.

## Consulta de información

Para a consulta da situación individual pódese usar:

- DOI e o código da solicitude.
- Usuario e contrasinal de edu.xunta.gal (exemplo, usuarios de NERTA).
- Chave 365.
- Certificado dixital.

Toda a **información** do proceso de admisión a FP pódese atopar en:



[www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp)